

Anexo XIII. Modelo de programación de módulos profesionais

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011634	IES Politécnico	Vigo	2023-2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
	Mantemento e servizos a produción		Prevención de riscos profesionais	Superior	Xeral

Módulo profesional

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións
	Riscos derivados das condicións de seguridade	2023-2024	10	185	222

Profesorado responsable

Elaboración	David Saez Sanz
Impartición	David Saez Sanz

1. Identificación da programación.....	1
Centro educativo.....	1
Ciclo formativo	1
Módulo profesional.....	1
Profesorado responsable.....	1
2. Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo	3
3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha	3
4. Obxectivos xerais (capacidades terminais)	4
5. Contidos (Real Decreto 277/2003, de 7 de marzo BOE).....	4
6. Unidades didácticas en el currículo	5
7. Contidos conceptuais	6
8. Contidos procedementais	6
9. Contidos actitudinais	6
10. Método e recursos.....	7
10.1 Metodoloxía e coordinación	7
10.1.a Método	7
10.1.b Coordinación	7
10.2 Recursos didácticos.....	7
10.2.a Recursos materiais do departamento.....	7
10.2.b Do alumno/a	8
11. Criterios de avaliación	8
12. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación	8
12.1 Mínimos	8
12.2 Criterios de cualificación	8
13. Procedemento para a recuperación das partes non superadas.....	9
13.1 Procedemento para definir as actividades de recuperación	9
13.2 Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua	9
14. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.....	9
15. Medidas de atención á diversidade	10
15.1 Procedemento para a realización da avaliación inicial (Artigo 28)	10
15.2 Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados	10
16. Aspectos transversais	10
16.1 Programación da educación en valores	10
16.2 Actividades complementarias e extraescolares.....	10

2. Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo

No ámbito da prevención de riscos é imprescindible ter coñecementos que sirvan, entre outras cousas, para aplicar diferentes técnicas de análises de riscos, elaborar propostas de plans de seguridade, analizar sistemas de aprovisionamento, conservación e utilización de equipos de protección colectiva e equipos de protección individual (EPI), desenvolver procedementos de traballo adecuados a situacións de especial perigo, analizar e realizar o proceso de mantemento dos equipos de protección e dos sistemas de detección e extinción de incendios, realizar rexistros das operacións de mantemento de máquinas e equipos.

Por tanto, faise imprescindible o estudo mediante contidos que estean enfocados a aportar ao alumnado unha formación de nivel que abarquen todos os aspectos básicos dos riscos derivados das condicións de seguridade.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

UD	Título	Duración (sesións)
1	Saúde e traballo	10
2	Seguridade do traballo : Análise de riscos e técnicas aplicables	30
3	Lugar e superficies de traballo	10
4	Protección individual e sinalización	40
5	Protección de maquinaria, equipos e ferramentas manuais. Técnicas de seguridade aplicada as máquinas	40
6	Prevención do risco eléctrico	35
7	Prevención do risco de incendios e explosións	10
8	Riscos en outras actividades perigosas	35
9	Prevención do risco químico	12
TOTAL		222

4. Obxectivos xerais (capacidades terminais)

- Aplicar as diferentes técnicas de análise de riscos.
- Elaborar propostas de plans de seguridade como consecuencia das inspeccións de seguridade.
- Analizar os sistemas de aprovisionamento, conservación e utilización de equipos de protección individual (EPI).
- Relacionar o risco químico coa súa prevención.
- Desenvolver procedementos de traballo adecuados a situacións de especial perigo.
- Analizar e realizar o proceso de mantemento dos equipos de protección e dos sistemas de detección e extinción de incendios.
- Realizar rexistros das operacións de mantemento de máquinas e equipos.

5. Contidos (Real Decreto 277/2003, de 7 de marzo BOE)

a) Condicións de seguridade.

A seguridade no traballo. As técnicas de seguridade. Técnicas de seguridade atendendo o ámbito de aplicación. Técnicas de seguridade atendendo o sistema de actuación.

b) Análise de riscos. Técnicas aplicables.

Diferenza entre perigo e risco.

Etapas a seguir para a valoración dos riscos (avaliación de riscos)

Método xeral de avaliación de riscos.

Priorización de riscos.

Plans de acción para a corrección dos riscos.

Métodos cualitativos e semicuantitativos de análise de riscos debidos a condicións de seguridade.

Métodos de análise de riscos cualitativos para determinar a fiabilidade dos sistemas de seguridade das instalacións.

Métodos de análise de riscos semicuantitativos, para determinar a fiabilidade dos sistemas de seguridade das instalacións: árbore de fallos, árbore de sucesos.

Inspeccións de seguridade: obxectivo, metodoloxía, etapas. A planificación da inspección de seguridade (elección da persoa, a información, a elaboración da lista de recoñecemento).

A execución (metodoloxía a seguir). As conclusións (informe final).

A notificación e o rexistro de incidentes e accidentes.

Normativa. Índice de frecuencia, cálculo e significado.

Índice de gravidade, cálculo e significado.

Índice de incidencia, cálculo e significado. Índice de duración media. Representación gráfica da evolución dos índices.

Diagramas de estudo a corto e longo prazo por métodos estatísticos. Índices estatísticos. Definición de accidente e incidente. Similitudes e diferenzas. O seu tratamento fronte a prevención de riscos.

A investigación de accidentes. Metodoloxía.

A recollida de datos: a información das testemuñas e a recollida polo investigador. Investigación de accidentes pola árbore de causas.

c) O lugar e a superficie de traballo.

Normativa

A seguridade no proxecto.

Condicións xerais dos locais.

Distribución de maquinaria e equipos.

Factores de mellora da seguridade.

A orde e a limpeza.

Almacenamento seguro de materiais.

Perigos, medidas preventivas e protectoras; normativa.

d) Sinalización de seguridade.

Normativa de sinalización en centros e locais de traballo.

Os sinais de seguridade.

Criterios xerais sobre sinalización.

Os sinais en forma de panel.

A sinalización acústica e luminosa.

A sinalización verbal.

A sinalización xestual.

Os procedementos seguros de traballo e as normas de seguridade.

Criterios para a elaboración de normas internas.

Implantación de normas: as súas fases.

e) A protección individual.

Normativa

Equipos de protección individual.

Homologación e certificación.

Clasificación da protección individual fronte aos distintos riscos.

Criterios para a selección dos equipos de protección individual.

Criterios técnicos e participación dos traballadores.

A elección no mercado, requisitos sobre a súa comercialización.

Elaboración de fichas sobre a vida útil e mantemento dos equipos de protección individual.

f) Protección de maquinaria, equipos e ferramentas manuais.

Normativa Perigos, prevención intrínseca e protección.

Selección de medidas de seguridade.

Parámetros a considerar na elección das máquinas (requisitos técnicos, lugar de emprazamento, características do operario e requisitos de comercialización).

Caldeiras e recipientes a presión. Disposicións mínimas aplicables.

Equipos neumo-hidráulicos.

Equipos de elevación e transporte. Manipulación mecánica de cargas. Aparatos móbiles.

g) Prevención do risco químico.

Tipos de perigo dos produtos químicos.

O etiquetado e as fichas de seguridade.

Identificación e envasado de sustancias e preparados perigosos. Normativa.

Almacenamento de sustancias e preparados en función das súas características e propiedades. Normativa.

Intervención en instalacións perigosas.

h) Prevención do risco eléctrico.

Normativa

Perigos, medidas preventivas e efectos do contacto ca corrente eléctrica.

Corrente continua e corrente alterna.

Corrente monofásica e corrente trifásica.

Voltaxe e intensidade. Normativa.

Protección contra contactos, directos e indirectos, ca corrente eléctrica.

i) Prevención de risco de incendio e explosión.

Perigos, medidas preventivas e protectoras.

Sistemas de protección e alarma.

Mantemento dos equipos de loita contra incendios.

Normativa.

j) Traballos de especial perigo, perigos inherentes, medidas preventivas e de protección.

Traballos en altura.

Traballos en recintos confinados.

Trasvase de líquidos inflamables.

Soldadura en presenza de produtos inflamables.

Establecemento de procedementos e métodos de traballo.

Os permisos de traballo e as instrucións operativas.

6. Unidades didácticas no currículo

UD 1.- Saúde e traballo

UD 2.- Seguridade do traballo :Análise de riscos e técnicas aplicables.

UD 3.- Lugar e superficies de traballo

UD 4.- Protección individual e sinalización

UD 5.- Protección de maquinaria, equipos e ferramentas manuais. Técnicas de seguridade aplicada ás máquinas

UD 6.- Prevención do risco eléctrico

UD 7.- Prevención do risco de incendios e explosións

UD 8.- Riscos en outras actividades perigosas

UD 9.- Prevención do risco químico

7. Contidos conceptuais

UD 1.- Saúde e traballo

Nesta unidade o alumnado aprenderá os conceptos relacionados coa saúde e o traballo, as distintas relacións ambiente-saúde, os factores de risco laboral, a incidencia dos factores de risco sobre a saúde e distintas definicións segundo distintas normas e as contidas na lei de prevención de riscos laborais

UD 2.- Seguridade do traballo :Análise de riscos e técnicas aplicables.

Nesta unidade o alumnado aprenderá todo o que ten que ver coa seguridade do traballo, análise estatístico de accidentes índices estatísticos, sistemas de representación, xustificación da prevención, economía da seguridade, técnicas de seguridade, avaliación dos riscos, técnicas anteriores e posteriores ao accidente, inspeccións de seguridade, normativa....

UD 3.- Lugar e superficies de traballo

Nesta unidade o alumnado aprenderá todo o que teña que ver coa orde e limpeza nos lugares de traballo.

UD 4.- Protección individual e sinalización

Nesta unidade didáctica o alumnado aprenderá os conceptos máis importantes que teñen que ver coas EPI e a normativa correspondente á sinalización na seguridade industrial. A cor na industria, formas xeométricas, símbolos e dimensións.....

UD 5.- Protección de maquinaria, equipos e ferramentas manuais. Técnicas de seguridade aplicada as máquinas

Nesta unidade didáctica o alumnado aprenderá os conceptos que teñen que ver coa protección: perigos, prevención intrínseca e protección, selección de medidas de seguridade, parámetros a considerar na elección de máquinas, caldeiras e recipientes a presión, equipos neumo-hidráulicos, equipos de elevación e transporte, manipulación de cargas, aparatos móbiles.

UD 6.- Prevención do risco eléctrico

Nesta unidade didáctica o alumnado comprenderá os perigos, as medidas preventivas e os efectos do contacto coa corrente eléctrica. Estudarse que é a corrente continua e a alterna, monofásica e trifásica, qué é un voltaxe, unha intensidade. A normativa e a protección contra contactos directos e indirectos.

UD 7.- Prevención do risco de incendios e explosións

Nesta unidade didáctica o alumnado o coñecerá que é a prevención do risco de incendio e explosión, os seus perigos, as medidas preventivas e protectoras, os sistemas de protección e alarma, o mantemento dos equipos de loita contra incendios e a súa normativa.

UD 8.- Riscos en outras actividades perigosas

Nesta unidade o alumnado coñecerá outras actividades nas que existen riscos: soldadura, traballos en altura, en recintos confinados, transvase de líquidos inflamables....

UD 9.- Prevención do risco químico

Nesta unidade didáctica o alumnado coñecerá os tipos de perigo dos produtos químicos, o etiquetado e as súas fichas de seguridade, identificación e envasado de sustancias e preparados perigosos, almacenamento de sustancias. Normativa

8. Contidos procedementais.

- Consultar os apuntes, internet, e axudas a súa disposición nos diferentes programas que se utilicen na clase, para a realización dos distintos traballos a desenvolver na aula.
- Manexo do software e hardware a súa disposición así como todos os periféricos utilizados, memoria externa, impresora, canón...
- Analizar e resolver todos os exercicios propostos aportando os coñecementos adquiridos e preguntar todas as dúbidas que se lle podan expor.
- Realizar o traballo no tempo previsto.

9. Contidos actitudinais.

- Tendo en conta a importancia do traballo en equipo no mundo laboral deberá demostrar capacidade de adaptación e integración nos grupos de traballo, mantendo relacións e comunicacións fluídas, respectando ideas e solucións aportadas por outros con actitude de cooperación e tolerancia, compartir responsabilidades e saber dar e recibir instrucións.
- Aceptar a necesidade do auto-aprendizaxe constante e da formación continua como instrumentos que facilitan a

adaptación ás innovacións tecnolóxicas da información e organizativas, a conservación do emprego e a reinserción profesional.

-Valorar o traballo rigoroso e ben feito, o planificar, organizar e desenvolver as actividades propias, demostrando iniciativa, creatividade e sentido da responsabilidade, mantendo o interese durante todo o proceso.

-Valorar e respectar ós compañeiros de estudos. Respectar e obedecer ao profesorado nas indicacións e as normas elementais de natureza formativa, educativa, de convivencia e respecto ós demais.

-Sensibilizarse ante os problemas de accesibilidade e integración que afectan ás persoas que padecen algún tipo de minusvalía, como posibles profesionais ou consumidores e usuarios en relación co sector de mantemento e servizos á produción, actuando de forma solidaria e aportando solucións prácticas.

-Precisión, exactitude, orde e limpeza con que se desenvolven individual e colectivamente as actividades.

-Valorar as normas e regulamentos relativos ás actividades de tipo profesional e observar respecto polo entorno natural e urbano e a protección medioambiental.

-Mostrar interese por incorporar as súas actividades a utilización de aplicacións informáticas específicas, o desenvolvemento de novos produtos informáticos que faciliten o traballo.

-Coidar as instalacións, equipos informáticos, instrumentos, útiles e demais medios usados nas actividades da aula e propias da profesión. Non realizar cambios de configuración nos equipos informáticos. Entrar no sistema operativo única e exclusivamente coas claves asignadas a cada alumno/a. Executar unicamente aqueles programas permitidos na aula ou por indicación expresa do profesorado.

10. Método e recursos

10.1 Metodoloxía e coordinación

10.1.a Método

Para a explicación das UD, a docente facilitaralle os apuntes ao alumnado e posteriormente explicará os mesmos. Tamén é posible que, nalgunha Unidade Didáctica ou parte dunha, o docente entregue un cuestionario ao alumnado sobre a Unidade Didáctica para que estes busquen a información correspondente. Tamén é posible noutros casos dar os apuntes e que o alumnado teña que facer un traballo sobre os contidos, ben para entregar ao docente, ben para ser exposto ante os compañeiros.

O docente irá resolvendo as dúbidas que vaian xurdindo.

Ao rematar a explicación das unidades didácticas, realizaranse actividades, cuestionarios ou exercicios sobre as mesmas que serán posteriormente corrixidos no aula ou ben entregadas ao docente para a súa posterior corrección.

Todos os contidos, cuestionarios, ... tratados no aula serán colgados na aula virtual..

10.1.b Coordinación

Levarase a cabo unha coordinación precisa e adecuada de todo o Equipo Educativo del Ciclo Formativo, para non caer en repetición de conceptos ou formulacións inadecuados.

10.2 Recursos didácticos

Os medios ou recursos didácticos engloban todo o material didáctico ó servizo da ensinanza e son elementos esenciais no proceso de transmisión de coñecementos do profesorado ao alumnado.

Se fundamentara na forma de presentar a información para o proceso de asimilación polo/a alumno/a. Entre os múltiples medios dispoñibles para a docencia, seleccionamos os seguintes, atendendo ós obxectivos e a metodoloxía prevista.

10.2.a Recursos materiais do departamento

- Ordenadores

- Medios Audiovisuais: Proxector.

- Bibliografía:

BESTRATÉN BELLOVÍ, Manuel y otros. Seguridad en el trabajo. Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo. Tercera edición. Barcelo- na 1999.

SÁNCHEZ RIVERO, José Manuel y otros. Seguridad en el trabajo. Fundación Confemetal.Tercera edición. Madrid 2007.

MATEO FLORIA, Pedro y otros. Manual para el Técnico Superior en Prevención de Riesgos Laborales. Fundación

Confemetal. Octava edición. Madrid 2008.

MATEO FLORIA, Pedro y GONZÁLEZ MAESTRE, Diego. Casos Prácticos. Prevención de Riesgos Laborales. Fundación Confemetal. Primera edición. Madrid 2008.

RUBIO ROMERO, Juan Carlos. Métodos de Evaluación de Riesgos Laborales. Ediciones Díaz de Santos S.A. Madrid 2004.

CORTÉS DÍAZ, J. M. Marco normativo de la prevención de riesgos laborales 5ª edición actualizada Madrid: Tébar, 2012

CORTÉS DÍAZ, J. M. Técnicas de prevención de riesgos laborales. seguridad e higiene del trabajo 10ª edición Madrid: Tébar, 2012.

- Webgrafía:

<http://www.insht.es>

10.2.b Do alumno/a

- Ordenador con conexión a internet

- Caderno de notas.

- Folios Din A4

- Lapis. Bolígrafos.

- Memoria USB, memoria flash, memoria externa para almacenamiento de datos.

11. Criterios de avaliación.

Para avaliar ao alumnado terase en conta:

- Resultados das probas obxectivas sobre os conceptos expostos nas unidades didácticas. Alomenos unha por avaliación.

- Seguimento das actividades de aplicación realizadas polo alumnado na clase.

- Valoración dos exercicios realizados na clase, incluídas as exposición, traballos....

12. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

12.1 Mínimos

En todo caso haberá que considerar o indicado no Decreto correspondente.

12.2 Criterios de cualificación

A cualificación trimestral farase da seguinte maneira:

Se se pide entregar algún traballo dentro das unidades didácticas: 30% Traballos + 70% Probas escritas .

Esta porcentaxe só se aplicará no caso de sacar alomenos un 4 sobre 10 en todos os exames, non na media dos exames, teñen que ter alomenos un 4 todos os exames realizados. Se non se acada alomenos un 4 en todos os exames, non se fará media e a avaliación se considerará suspensa.

De igual maneira, en caso de realizar traballos no trimestre, estes traballos teñen que ter unha nota mínima dun 4 sobre 10. Se non se acada alomenos un 4 en todos os traballos, non se fará media e a avaliación se considerará suspensa. Os traballos entregados fora de prazo terán unha nota máxima de 5, así como os traballos suspensos e voltados a facer.

Se NON se pide entregar ningún traballo dentro das unidades didácticas: 100% Probas escritas (tendo en conta que para facer media alomenos todas teñen que ter un 4 sobre 10)

Ao longo de cada trimestre, farase un ou varios exames con contidos teóricos, ou teórico-prácticos. Os exames poderán ser de resposta longa, curta, ou tipo test con múltiples opcións de resposta.

A nota final de cada avaliación será a media das probas realizadas tendo en conta as porcentaxes (30% traballos – 70% probas escritas) e que hai que ter alomenos un 4 sobre 10 en todos os traballos e probas escritas para poder aprobar a avaliación, senón considerarase automaticamente suspensa.

Para aprobar a avaliación o/a alumno/a deberá sacar unha nota media mínima de 5 puntos sobre 10, aplicados os condicionantes de porcentaxes e notas mínimas anteriormente indicados. O alumnado que estea suspenso por ter menos dun 5 na nota media ou por non acadar alomenos un 4 en todos os traballos e probas escritas, terá que recuperar as partes pendentes.

A nota final do módulo será a nota media dos dous trimestres.

Se fose necesario plantexar un escenario de confinamento:

ESCENARIO DE CONFINAMENTO

No caso de que non fora posible asistir ao centro educativo, manteríase comunicación co alumnado a través da aula virtual, da aplicación webex e do correo electrónico.

Facilitaríanselle os contidos ao alumnado para que eles poidan resolver as actividades correspondentes, que posteriormente serán corrixidas. Durante todo o proceso resolveranse as dúbidas que vaian xurdindo.

Para a avaliación das unidades didácticas, e sempre falando da situación de confinamento, poderanse dar dúas situacións:

- Porase un exame vía on-line, que igualmente incluíra os contidos das UD. Estes exames poden ser teóricos, prácticos ou teórico-prácticos, e con preguntas de resposta longa, curta, ou tipo test con unha, dúas ou varias opcións de resposta.. Poderán ser individualizados para cada alumno/a.
- Formularanse actividades, que inclúan os contidos a avaliar. Estas actividades poden ser teóricas, prácticas ou teórico-prácticas, e con preguntas de resposta longa, curta, ou tipo test con unha, dúas ou varias opcións de resposta. Poderán ser individualizadas para cada alumno/a.

No caso dos exames, a cualificación obterase da mesma maneira que no modelo presencial indicado anteriormente.

No caso de que se realicen actividades, estas serán corrixidas e puntuadas de 0 a 10 puntos, e versarán os mesmos criterios que no caso de probas escritas.

Se por algún motivo non se puidera empregar a Aula Virtual do centro o docente habilitará outro medio (aula cesga, e-mail,..) para facer as entregas.

Nos primeiros días do curso tentarase detectar se algún alumno/a ten problemas en caso de ensinanza telemática e trasladaranse ó titor os problemas detectados. En caso de ser un problema de medios o titor informará á dirección do centro e se é un problema de capacidades informará ó resto do equipo docente para ver de tentar solucionar a carencia entre todos.

Aqueles alumnos/as que non realizaran ningunha tarefa das que lles foron asignadas durante o período do confinamento, non superaran o módulo.

13. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

13.1 Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os/as alumnos/as que non superen o módulo no mes de marzo, non poderán acceder á FCT, polo que deberán realizar actividades de recuperación durante o período de FCT que vai de marzo a xuño. Informarase ao alumno/a dos contidos non superados mediante un informe individualizado.

Nestas clases reforzaranse as deficiencias de coñecementos teóricos e prácticos do alumnado en cada caso, e realizaranse actividades tanto prácticas como teóricas en función dos contidos non superados, tendo en conta que poderase facer unha proba escrita ou/e práctica en función de cada caso. Estas probas serán similares as realizadas durante a avaliación continua.

No mes de xuño farase un exame final. Para acadar unha avaliación positiva no Módulo é necesario obter un mínimo de 5 puntos sobre 10 na avaliación final de módulos de 2º curso.

13.2 Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumno/a que acade un número de faltas igual ou superior ao 10% das horas totais do módulo, perderá o dereito á avaliación continua. Terá dereito a asistir ás clases, pero non a ser avaliado.

Neste caso, o alumno/a ten dereito a presentarse a unha proba extraordinaria na que se inclúan os contidos das unidades didácticas impartidas na primeira e segunda avaliación, de carácter teórico, teórico-práctico ou práctico que poderá durar un ou varios días e terá lugar no mes de Marzo ou xuño.

As cuestións poderán ser de resposta curta, de resposta longa ou tipo test, con múltiples opcións de resposta.

Os exames puntuarán de 0 a 10. Será imprescindible obter como mínimo un 5 sobre 10 en todas as probas para cualificar positivamente.

A nota final do módulo será a media aritmética das notas dos exames (sempre e cando sexan iguais o superiores a 5).

Aqueles alumnos/as que non acaden un 5 sobre 10 na avaliación final, non superará o módulo.

A data exporase no taboleiro do centro.

ESCENARIO DE CONFINAMIENTO

Como se acaba de indicar, o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria que inclúa todos os contidos das unidades didácticas impartidas na primeira e segunda avaliación. Esta proba extraordinaria pode ser teórica, práctica ou teórico-práctico, e con preguntas de resposta longa, curta, ou tipo test con múltiples opcións de resposta, e pode durar varios días. Poderán ser individualizadas para cada alumno/a.

Se non se pode asistir ao centro educativo, poranse os exames vía on-line. Os exames poderán ser individualizados para cada alumno/a.

Os exames puntuarán de 0 a 10 puntos, e será imprescindible obter un mínimo de 5 puntos sobre 10 en calquera das probas para cualificar positivamente. A nota final do módulo será a nota media das probas.

A data exporase no taboleiro do centro e tamén lle será comunicada ao alumnado vía email. O exame terá lugar no mes de marzo ou xuño.

14. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación e a avaliación da práctica docente realizarase de acordo coas normas internas do centro.

Realizarase un seguimento dos obxectivos iniciais formulados en cada unidade didáctica, definindo unha lista de cotexo para as actividades planificadas e as realizadas ao final de cada UD e ao final de cada avaliación. Ao final de cada avaliación analizaranse os resultados do alumnado para realizar unha valoración da docencia.

15. Medidas de atención á diversidade

15.1 Procedemento para a realización da avaliación inicial (Artigo 28)

Farase unha proba escrita ao comezo do curso para ver os coñecementos de partida do/a alumno/a.

Ao comezo de cada U.D. mediante preguntas orais tamén se procurará descubrir posibles dificultades ou deficiencia de coñecementos que o alumnado poida ter e que poidan condicionar o seguimento das clases.

15.2 Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Trátase de expor alternativas para aquel alumnado que non consiga os obxectivos das actividades ou, pola contra, que alcance sobradamente os obxectivos previstos, ou aquel alumnado con discapacidades físicas ou psíquicas. Para este alumnado realizarase unha atención máis individualizada na que se incluíra os seguintes apartados: - Atención máis individualizada nas titorías. - Traballos máis prácticos e sinxelos de adquirir polo alumno/a. - Traballo en equipo con aqueles alumnos/as máis avanzados/as.

Estas accións nunca influirán nos contidos mínimos esixidos na programación.

16. Aspectos transversais

16.1 Programación da educación en valores

Traballo en grupo: Preocupación por axudar os/as compañeiros/as nas tarefas de aprendizaxe. Tolerancia ante as actitudes e opinións discrepantes. Realización estruturada de traballo:

Preocupación pola orde e limpeza dos elementos de traballo. Valoración de resultados:

Valoración dos traballos en función dos resultados obtidos, tempo e método utilizado, Preocupación pola autoavaliación como ferramenta para a mellora das capacidades persoais.

Procurarase favorecer actitudes de respecto co medio ambiente e evitar comportamentos sexistas tanto na actuación do profesorado como para o alumnado.

A ensinanza dos valores nunha sociedade democrática, libre, tolerante, plural, etc., continúa sendo unha das finalidades prioritarias da educación, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos de tódalas etapas educativas e nos específicos de cada unha das áreas de coñecemento. De feito, os valores cívicos e éticos (educación para a paz, a saúde, a igualdade entre sexos, a sexualidade, a educación do consumidor, a educación vial, a educación ambiental e a educación intercultural) intégranse transversalmente en todos os aspectos do currículo.

Educación para a convivencia: Fomentaremos o respecto pola autonomía dos demais e o diálogo como maneira de resolver os conflitos, traballando o debate ou o coloquio. Educación para a saúde: Neste sentido resaltaremos a importancia do benestar físico, psíquico, individual, social e ambiental.

Educación para a paz: Fomentaremos a relación con outras persoas e a participación en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, superando inhibicións e prexuízos, recoñecendo e valorando criticamente as diferenzas de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en distincións de raza, sexo, clase social, crenzas e outras características individuais e sociais.

Educación non sexista: Identificaranse aqueles trazos sexistas da lingua, intentando resolver a discriminación mediante formas adecuadas

16.2 Actividades complementarias e extraescolares

No momento no que se realiza esta programación, non hai ningunha actividade complementaria ou extraescolar plantexada.